



**ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE INSPECTOR/A DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE, INTEGRADA NO GRUPO "A", SUBGRUPO A2, DA SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS MEDIOS, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2015, POLA QUENDA LIBRE.**

**RESULTADO DO QUINTO EXERCICIO.-** Reunido o Tribunal cualificador o 17.11.2021, para proceder á cualificación do quinto exercicio realizado e lido pola aspirante ante o mesmo, aplicando os criterios de cualificación establecidos na base específica cuarta, outorga a seguinte puntuación:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NOTA
CASAL	VÁZQUEZ	PAULA	6,50

**RECURSOS.-** Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, como son a asignación de puntuacións e a declaración de non aptos nos exercicios, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira delegada do servizo de persoal e cultura), no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente e este o sexa consonte a dereito.

**PUBLICACIÓN DO RESULTADO E CONVOCATORIA PARA O SEXTO EXERCICIO.-** O Tribunal dispón que polo secretario se publique no taboleiro de anuncios do Concello e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra, a cualificación obtida pola persoa aspirante aprobada, convocando á persoa candidata que o superou para a realización do sexto exercicio escrito, obrigatorio e non eliminatorio sobre coñecemento práctico a nivel usuario de contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (LibreOffice) e de utilidades elementais de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc), no tempo que estableza o tribunal, que acorda que sexa de 30 minutos. A proba terá lugar **o día 24 de novembro de 2021, mércores, ás 13:45 horas na Sala Rons sita no primeiro andar da Casa Azul na rúa Sor Lucía, nº 2.**

O Secretario do Tribunal, en Pontevedra na data da sinatura electrónica.

